



Algo hai de certo nesta historia ¿Quen descubriu a illa de Ons?

Por Onal

Os primeiros datos que se teñen sobre a Illa de Ons, que nós saibamos, proceden dun naturalista romano chamado Plinio el Viejo, nacido en Como no ano 23 e falecido en Stabiae no ano 79.

Foi autor dunha "Naturalis Historia", en trinta e sete libros que tratan de Zooloxía, botánica, Medicina, cosmografía, Etc.

Pese á gran cantidade de relatos e conceptos fantásticos que encerra, constituíu durante 1.500 anos unha das referencias básicas para o estudio das ciencias da natureza. Dado o seu interés científico foi a contemplar a erupción do Vesubio e morreu a consecuencia dela.

Plinio dicía nos seus documentos, que as famosas Illas Cassitérides (Illas do estaño) atopábanse nesta Ría de Pontevedra e que unha delas era coñecida como AUNIOS. Hoxe chamada Ons.

A documentación sobre AUNIOS non é moi abundante en datos pero sábese que fenicios, romanos, vikingos, piratas, ..., formaron, de calquera xeito, parte dela.

Falase de personaxes que intentaron conquistala, pero os seus nomes, na súa maior parte, permanecen no anonimato.


O feito máis recente que se coñece data do 23 de Setembro de 1998, no que, ás trece horas, desembarcou na Illa de Ons, convencido do seu descubrimiento, un cabaleiro. Nembargantes ó ver á xente e as súas vestimentas, que correspondían a modernos traxes de baño, decatouse do seu fallo, posiblemente debido a un erro nas cartas de navegación do seu barco ou a un mal consello do seu primeiro capitán, coñecido nestes mares co alcume de "Capitán Machadas". Tamén é certo que había moita néboa.

Máis, ás portas do século XXI, miles de persoas están a descubrir, día tras día, a fermosura da súa paisaxe, as súas xentes abertas e dispostas a compracer ó visitante; e a súa inigualable

gastronomía mariña.

A pesares de estar descuberta fai moitos séculos, esta Illa, cada vez móstranos cousas que fan que os que a descubren por vez primeira, se sintan enganchados, inevitablemente, a ela.


Prohibida a súa reproducción e, incluso, a obtención de datos.



José Rodríguez
Director Comercial

Gralicia
PEDRAS ELABORADAS

DIRECCIÓN PROVINCIAL
Ponte Dena, 36 Portal 3 - 1.º Oficina G
36967 Dena (Pontevedra) - España
Teléf.: 00-34-986 74 21 09
Fax 00-34-986 74 31 86
Móvil 630 02 10 72



Gralicia
PEDRAS ELABORADAS

Teléf.: 986 74 21 09 - Fax 986 74 31 86